



GRAO EN QUÍMICA
INFORME DE CALIFICACIÓNS DE MATERIAS
– CURSO 2020/2021 –
– EVOLUCIÓN HISTÓRICA –

- As calificacións das materias do Grao en Química incluídas neste informe foron proporcionadas pola *Unidade de Análises e Programas* da Universidade de Vigo.
- Estas calificacións se recolleron no *Apartado 4. Titulacións oficiais* da sección *UVigo en cifras* do [Portal de Transparencia da Universidade de Vigo](#).
- As porcentaxes das calificacións foron obtidas a partir do número de alumnos matriculados en cada materia.
- Data da recollida de datos: Abril 2022.


1. CALIFICACIÓNS DAS MATERIAS DO GRAO EN QUÍMICA NO CURSO 2020/2021.

1.1. PRIMEIRO CURSO

Plan 2009


PRIMEIRO CUATRIMESTRE

Química I - 2020/2021




SEGUNDO CUATRIMESTRE


Química II - 2020/2021




Física I - 2020/2021




Física II - 2020/2021




Matemáticas I - 2020/2021




Matemáticas II - 2020/2021




Biología - 2020/2021



Xeoloxía - 2020/2021




Laboratorio Integrado I - 2020/2021




PRIMEIRO CUATRIMESTRE

Química I - 2020/2021




SEGUNDO CUATRIMESTRE


Química II - 2019/2020




Física I - 2020/2021




Física II - 2020/2021




Matemáticas I - 2020/2021




Matemáticas II - 2020/2021




Laboratorio de Química I - 2020/2021




Laboratorio de Química II - 2020/2021



Biología - 2020/2021




Xeología - 2020/2021










1.2. SEGUNDO CURSO
Plan 2009


PRIMEIRO CUATRIMESTRE












SEGUNDO CUATRIMESTRE



PRIMEIRO CUATRIMESTRE




SEGUNDO CUATRIMESTRE



1.3. TERCEIRO CURSO


PRIMEIRO CUATRIMESTRE

Determinación Estructural - 2020/2021




SEGUNDO CUATRIMESTRE


Química Biológica - 2020/2021




Enseñaría Química - 2020/2021




Química Física III - 2020/2021




Química Analítica II - 2020/2021




Química Analítica III - 2020/2021



Química Orgánica II - 2020/2021




Química Inorgánica II - 2020/2021



1.4. CUARTO CURSO


PRIMEIRO CUATRIMESTRE

Proyecto - 2020/2021




SEGUNDO CUATRIMESTRE


Química Ambiental - 2020/2021




Química Inorgánica III - 2020/2021




Química de Fármacos - 2020/2021




Química de Materiais - 2020/2021




Química Industrial - 2020/2021




Química Orgánica III - 2020/2021



Prácticas externas - 2019/2020



Trabajo Fin de Grao - 2020/2021



1.5. ANÁLISE DAS CALIFICACIÓNS DAS MATERIAS DO GRAO EN QUÍMICA NO CURSO 2020/2021.

A análise das calificacións das diferentes materias do Grao en Química no curso 2020/2021 permite establecer a existencia de diferenzas significativas entre os distintos cursos do Grao. Así, a porcentaxe de estudantes que superan as materias do primeiro curso do Grao acada o 78% do total dos alumnos presentados, oscilando entre o mínimo de 55% para Física I e o máximo de 100% para Xeoloxía. No segundo curso, a media de porcentaxe de estudantes que superan as materias respecto ós presentados se reduce e se sitúa no 65%, oscilando entre o 52% de Química Orgánica II e o 85% de Bioquímica. A porcentaxe de estudantes que superan as materias do terceiro curso (71%) é similar ó correspondente ó curso previo (oscilando entre un mínimo de 57% para Química Analítica III e o máximo de 93% para Química Biolóxica), e mellora moi notablemente no último curso, acadando unha porcentaxe de éxito do 95% (no cal todas as materias son superadas por, polo menos, o 75% do estudiantado presentado). Tamén debe destacarse que a porcentaxe de estudantes que son cualificados nas materias de todos os cursos é moi elevado (en torno ó 91% no primeiro curso, 90% en segundo, 93% en terceiro e 94% no cuarto curso). Unha das razóns para estes elevados valores radica en que un número considerable de materias teñen docencia teórica e práctica e, de acordo coas normas destas materias establecidas nas súas guías docentes, a asistencia ás prácticas de laboratorio é obligatoria, polo que unha vez que o estudiantado ten realizado un determinado número de prácticas xa son cualificados (se pueden citar, coma exemplos, os Laboratorios de Química, Química Analítica I, Química Orgánica I ou Química Física II). Por último, todos os estudantes que cumpren as condicións para a presentación e defensa dos seus traballos de Fin de Grao superan a materia, se ben un 29% dos estudantes inicialmente matriculados non se presentan. Este valor se debe, comúnmente, a que hai estudantes que, tendo materias pendentes de cursos anteriores, comencan a realizar o TFG pero, finalmente, non poden presentalo no curso académico no que se realiza por non ter superado todas as materias.

As razóns que explican as menores porcentaxes de aprobados nos cursos intermedios do Grao son probablemente diversas. Os valores de segundo e terceiro curso parecen estar relacionados coa dificultade inherente ás materias destes cursos, xa que mentres que as materias do primeiro curso son de carácter xeral, as materias de segundo curso e superiores son moito máis específicas e algunhas delas presentan unha grande carga matemática e física, o que causa que o estudiantado teña máis dificultades para superalas. Ademais, os resultados de segundo curso tamén están condicionados polo feito de que numerosos estudantes matriculados en materias de segundo curso tamén están matriculados en materias de primeiro, de forma que a simultaneidade de ambos cursos fai complicado obter mellores resultados académicos. Analizados de forma xeral, os resultados indican que os primeiros cursos actúan como unha especie de filtro no conxunto dos estudos do Grado, xa que aqueles estudantes capaces de superar as dificultades dos primeiros cursos teñen moitas probabilidades de acabar os seus estudos con éxito, como indican os altos índices de aprobados e o incremento na calidade das calificacións que obteñen no cuarto curso do Grao.


Por último, os resultados académicos da materia TFG son bos, xa que a maioría das calificacións se concentra entre o notable e o sobresaliente, e confirman que os/as estudantes que finalizan os seus estudos teñen acadado os resultados de aprendizaxe relacionados coas competencias asociadas ó título e satisfacen os obxectivos previstos.

2. EVOLUCIÓN DAS CALIFICACIÓNS DAS MATERIAS DO GRAO EN QUÍMICA.










2.1. PRIMEIRO CURSO

Plan 2009

PRIMEIRO CUATRIMESTRE













SEGUNDO CUATRIMESTRE




PRIMEIRO CUATRIMESTRE

SEGUNDO CUATRIMESTRE










2.2. SEGUNDO CURSO
Plan 2009

PRIMEIRO CUATRIMESTRE













SEGUNDO CUATRIMESTRE




PRIMEIRO CUATRIMESTRE

SEGUNDO CUATRIMESTRE










2.3. TERCER CURSO

PRIMEIRO CUATRIMESTRE




SEGUNDO CUATRIMESTRE











2.4. CUARTO CURSO

PRIMEIRO CUATRIMESTRE



SEGUNDO CUATRIMESTRE



2.5. NOTAS MEDIAS DOS EGRESADOS EN QUÍMICA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO E PORCENTAXES DE CALIFICACIÓNS.

	Nº Egresos	Nota Media Expediente (RD 1125)	%Aprobados	%Notables	%Sobresalientes	%Matrículas de Honor
2012/2103	13	7.58	49.88%	34.50%	8.16%	7.46%
2013/2014	15	7.13	46.45%	36.31%	10.95%	6.29%
2014/2015	19	7.44	52.98%	34.78%	6.76%	5.48%
2015/2016	19	7.33	43.64%	36.71%	11.92%	7.73%
2016/2017	26	7.58	45.97%	36.64%	7.93%	9.45%
2017/2018	22	6.94	60.1%	32.2%	4.83%	2.90%
2018/2019	51	7.47	54.88%	34.60%	6.36%	4.16%
2019/2020	36	7.27	56.03%	34.18%	6.08%	3.71%
2020/2021	43	7.50	54.35%	34.56%	5.87%	5.23%

2.6. NOTA MEDIA DOS EGRESADOS EN QUÍMICA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO E NO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL SEGÚN CÓDIGO ISCED.

Estes valores corresponden ás notas medias dos expedientes académicos dos/as graduados/as en Química pola Universidade de Vigo e os/as graduados/as en Química de todo o Sistema Universitario Español (SUE) que se empregan nas convocatorias das axudas para a Formación de Profesorado Universitario (FPU). Estas notas medias se calculan a partir das notas medias dos egresados nos catro cursos anteriores ó da convocatoria de axudas FPU. Estas notas medias se clasifican de acordo co Código UNESCO de clasificación de títulos (International Standard Classification of Education /ISCED). O código ISCED para o Grao en Química é o 442. Estes datos son proporcionados polo Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

	Nota media UVIGO	SUE
FPU 2014	6.881	6.935
FPU 2015	6.893	6.928
FPU 2016	6.981	6.913
FPU 2017	7.010	6.981
FPU 2018	7.031	6.881
FPU 2019	6.947	6.861
FPU 2020	6.914	6.870
FPU 2021	6.891	6.887

2.7. ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DAS CALIFICACIÓNS DAS MATERIAS DO GRAO EN QUÍMICA.

A análise da evolución das calificacións de materias entre os cursos 2009/2010 e 2020/2021 amosa que a situación da maioría das materias se mantén relativamente estable ó longo do período considerado e confirma, en termos xerais, análises anteriores. Así, as materias de primeiro curso de Física acumulan a maior parte de calificacións entre o suspenso e o aprobado, mentres que as calificacións melloran para as materias de Química e Matemáticas nos últimos cursos académicos e, especialmente, nas materias prácticas de Laboratorio de Química e as materias de carácter básico Bioloxía e Xeoloxía. Destaca, especialmente, a significativa mellora das calificacións experimentada nos últimos catro cursos académicos nas asignaturas de Matemáticas, que presentan en termos globais un número de notables superior ó de suspensos. Ademais, a porcentaxe de suspensos das asignaturas de primeiro curso se ten reducido moi significativamente nos últimos cursos académicos. No segundo curso, a maioría das asignaturas especializadas de Química e Física III do plan de estudos de 2009 presentan, maioritariamente, calificacións entre o suspenso e o aprobado, mentres que as materias de carácter complementario Métodos Numéricos e Ferramentas Informáticas presentan un maior número de calificacións entre o aprobado e o notable. A situación é similar no caso das materias especializadas de Química correspondentes ó plan de estudos de 2019. Nos cursos terceiro e cuarto a situación mellora notablemente, xa que un grande número de materias presenta un número significativo de calificacións entre o aprobado e o notable, o cal é especialmente evidente no último curso do título.

Tamén debe destacarse a ausencia, en todo o período analizado, de materias nas que sistemáticamente os/as estudantes obteñan calificacións moito máis baixas que no resto de materias dos cursos nos que está situada, así coma que non se teñen detectado materias limitantes que impidan ós estudantes avanzar nos seus estudos ou obter o título de Grado en Química. Sen embargo, o número de estudantes que, tendo asignaturas pendentes de cursos anteriores, comeza a realizar o TFG sen que finalmente poidan presentalo no curso académico en que se realiza por non ter superado todas as materias é significativo (31%). É conveniente prestar atención á evolución da porcentaxe de alumnos presentados nos próximos cursos académicos.

Por último, se observa que a nota media (según o R.D. 1125/2003) dos expedientes dos egresados no período analizado está arredor de 7.3. Ademais, o promedio das notas medias dos expedientes dos/as graduados/as pola Universidade de Vigo que se empregou nas últimas convocatorias de axudas de Formación de Profesorado Universitario é de 6.944, valor que supera lixeiramente o que se obtén para todos os estudantes egresados en estudos de Química en España (6.907), segundo os últimos datos dispoñibles no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU). Destaca ademais que para as seis últimas convocatorias de axudas FPU, os valores das notas medias ISCED dos graduados en Química pola Universidade de Vigo son máis altas que a media do Sistema Universitario Español.